

XUNTA DIRECTIVA

1. PRESIDENCIA:

- **Nome:** Laura Quintas Lorenzo
- **Funcións:**
 - Coordinar o deseño e seguimento da Planificación Estratéxica e Operativa.
 - Representar á Asociación do xeito máis amplo e eficaz.
 - Autorizar co seu visto bo as convocatorias para reunións da Asemblea Xeral ou Xunta Directiva, presidir e dirixir as súas reunións.
 - Coidar da boa marcha da Asociación, con arranxo ás normas, criterios de actuación, programas de obxectivos, e actividades determinadas pola Asemblea Xeral; A tal fin poderá adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
 - Ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia.
 - Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos.
- **Resumo traxectoria profesional:**
 - Estudou Económicas. Traballou na Asociación Galega de Hemofilia (AGADHEMO) dende o 2009 como coordinadora de proxectos. Forma parte da Xunta Directiva de AGADHEMO dende o 2004 como Vogal, posteriormente como Tesoureira e actualmente como Presidenta. É membro da Xunta Directiva de COGAMI dende o ano 2011. Tamén é membro da Xunta Directiva da Federación de Ourense DISCAFIS-COGAMI desde o ano 2005 e Presidenta da mesma dende o ano 2012. É socia fundadora da Asociación de Mulleres con Discapacidade (ACADAR) e forma parte da Xunta Directiva dende o 2009.

